

A ESCOLA DA VIDA

Nais adolescentes

28.02.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Hai algúns días saltou ás primeiras páxinas dos xornais o caso dunha nena e dun neno que foron pais dun bebé. A idade dos dous xa era de por si un hándicap importante, pois ningún tiña nin medios de vida nin coñecementos para coidalo, pero a historia das senrazóns non acababa máis que de empezar. Outros menores dixeron ser os seus pais, o que transformaba o caso nun escándalo, pois denunciaba unha promiscuidade manifesta por parte da nai. Pero o peor aínda estaba por chegar. Os avós do neonato evidenciaron unha falta total de escrúpulos e de capacidade para educar os seus fillos, ao levar eles mesmos unha vida, ademais de perversa, polas distintas parellas coas que tiveron fillos, corruptora, por inducir a súa proxenie a seguir os seus pasos. A estas inmoralidades palmarias, puxéronlle como corolario a de destapar o feito antinatural diante da opinión pública, suscitando nos medios de comunicación o morbo e arrogándose a posibilidade de conseguir substanciosas sumas de diñeiro pola súa difusión.

Esta lóbrega historia ocorreu nun país como Gran Bretaña, onde os seus cidadáns gozan dos servizos sociais máis antigos do mundo. Se ocorrese en España, as institucións públicas de protección de menores, a Fiscalía e o Xulgado de Menores xa collerían o asunto da man, poñendo os rapaces e o seu fillo baixo a tutela pública, encausando os pais por corrupción de menores e ocultándolle a noticia á opinión pública, ao tempo que abrindo unha investigación para ver en que situación se achaban o resto das menores participantes nas declaracións da paternidade e procedendo a abrir dilixencias a favor do resto dos fillos das familias paternas.

Algo así non é habitual, aínda que parece deixar ver a punta dun iceberg que agocha moitos embarazos adolescentes que social e persoalmente non son desexados. A que é debido isto? Os factores son múltiples: á falta de educación, de información, de necesidades afectivas non cubertas, á imitación do que se ve na televisión e no cine, etc.

A cousa é grave, non só pola falta de planificación, senón tamén pola carga que supón para unha persoa que aínda está en proceso de maduración, o feito de ter que responsabilizarse doutra persoa. A solución social en España é o aborto, xa que se considera que embarazo adolescente é de risco. Ao redor de 18.000 embarazos adolescentes prodúcense cada ano, algo que dá moito que pensar e do que todos debemos ser algo responsables.